

En Ourense a 19 de decembro de 2022, ás 17,45h reunímonos Iván Feliz, Laura González Nieto e M.^a José Álvarez. Faltaron Lidia Rodríguez González por estar indisposta e Tomás Dorribo, sustituto de Carlos Vila.

Os temas a tratar son:

- 1- Análise dos resultados da 1ªAvaliación.
- 2- Seguimento da programación a través do documento .pdf e en Proens. Programación da 2ªAvaliación.
- 3- Avaliación da práctica docente na 1ªAvaliación.
- 4- Actividades extraescolares e compra de material para Taller.
- 5- Outros asuntos:

Punto 1:

Adxúntanse gráficas no Anexo 1 onde se recollen os resultados das materias impartidas no departamento de Tecnoloxía.

Punto 2:

Tratamos os seguimentos da programación en cada unha das materias e a programación da 2ª avaliación.

1ºESO_Tecnoloxía e Dixitalización.

Os profesores Laura González, Iván Feliz e M.^a José Álvarez son os profesores deste nivel.

Os contidos deste curso son ambiciosos, estamos dándolle un enfoque máis práctico. O seguimento está rexistrado en Proens. Nesta 2ª avaliación seguiremos facendo varios proxectos de Mecanismos e de Electricidade.

Valoramos moi positivamente a coordinación nos contidos e tarefas que realizamos neste nivel, xa que somos tres profesores.

2º ESO_Tecnoloxía.

A información da profesora Lidia Rodríguez recóllese do seguinte xeito:

- Os contidos programados realizáronse.
- En total realizáronse tres probas escritas, unha por cada tema.
- Valoráronse mediante rúbrica o traballo e a exposición oral das compoñentes dun circuito eléctrico, a realización dos exercicios e as propostas de actividades na aula e na casa.

3º ESO_Educación Dixital.

Carlos Vila desenvolveu todos os contidos durante esta 1ª avaliación, e fíxose a valoración, os resultados son óptimos. As actividades de Calc é a tarefa actual e hai pendente unha proba, nestas dúas semanas antes de vacacións sústase ao profesor Tomás Dorribo ata o 16 de xaneiro.

4ºESO_Tecnoloxía

Os contidos da programación desenvólvense na súa totalidade. Para avaliar a parte de simulación houbo dificultades porque non tiñamos á disposición na sala de Informática horas libres para levar os alumnos, solventámolo compartindo horas co outro Taller e finalmente dispuxemos de portátiles que en todas as horas hai que recollelos na Oficina do Secretario.

Na 2ª avaliación tocará Electrónica Dixital e Neumática.

1º Bacharelato_ Tecnoloxía e Enxeñería.

Iván Feliz é o profesor que temos neste nivel, os alumnos son serios e traballan ben, os resultados así o reflicten. O seguimento está na plataforma Proens.

Os contidos que hai para esta segunda avaliación son moi prácticos e a intención é traballar con Arduino, os robots etc. Na parte de Enerxías Limpas, terá a colaboración de Aloia Romaní, da Universidade de Vigo coa que faremos unha colaboración neste trimestre.

2º Bacharelato_ Tecnoloxía

M.ª José Álvarez Álvarez percibe que as tres horas desta materia optativa, tendo en conta que o alumnado que ten interese pero repasan na casa, excepto antes do exame, debido á inmensa cantidade de materia que teñen neste curso. O alumnado en xeral teñen moi boa disposición cara a asignatura excepto algún caso.

Nesta segunda avaliación teremos os temas que seguen: Electrónica Dixital e sistemas automáticos.

4º ESO_TIC

Calc seguimos e plantexaremos unha proba para a semana última , antes de Nadal ou a 1ª de Xaneiro. Funcións (se,conta...)

A programación séguese normalmente.

Neste nivel tamén somos tres profesores os que impartimos a materia, a colaboración e coordinación é destacado, Carlos Vila, Iván Feliz e M.ª José Álvarez somos os tres profesores.

1º Bacharelato_TIC I

Carlos Vila, Iván Feliz e Laura González son os profesores.

Agora están a dous ritmos algún profesor,rematando a base de dato e outro empezando con Gimp, compaxinan as actividades que hai na AV en Recursos comúns e outras actividades propostas polos profesores.

Nesta avaliación tratarán a UD de Programación, moi importante e novedosa para estes alumnos.

2º Bacharelato_TIC II

Os profesores Carlos Vila, nestas semanas o sustituto,Tomás Dorribo e MªJosé Álvarez traballamos con Appinventor como práctica de linguaxe de programación.

Punto 3:

Avaliación da práctica docente.

Este apartado está puntuado de xeito individual por cada profesor.

Punto 4:

Actividades extraescolares e compras para o Taller.

Dos correos soamente me atenderon unha empresa, temos que mercar mercancía para o Taller, sobre todo pilas, portapilas, madeira, silicona.

Punto 5: Outros asuntos:

Varios recordatorios:

- A orde nos Talleres é moi importante, deixalos recollidos e coas cadeiras arriba ao finalizar a clase, para que facilitar a limpeza da aula.



- Queda pendente ordenar as mesas de atrás no Taller de 1º a 3º ESO doutro xeito (ideas).
- As salas comúns como a Sala de Informática, son zonas sensibles onde non se debe gardar documentación ou traballos, cambiar o fondo do Escritorio, e se queremos garadr algo que sexa nun cartafol en Documentos,
- As asignaturas que temos varios profesores, deberemos seguir a coordinarnos para poder facer un exame xuntos aos rapaces.
- Lembrar facer o seguimento en Proens , cada profesor , no seu nivel.

E sen máis asuntos que tratar , rematamos a reunión ás 18,50H